


O SonRías Baixas acolle este venres a última actuación do verán de Kase.O en Galicia antes da súa retirada dos escenarios

Rayden, Ciudad Jara, Buhos, Bala, Emlan e García Mc & Nación Quilombo completan o cartel da segunda xornada do festival, que se celebra en Bueu do 4 ao 6 de agosto



Kase.O no SonRías Baixas 2021 © Rocío Cibes

Bueu, 4 de agosto de 2022.- A península do Morrazo acollerá este venres un dos momentos máis especiais da 19ª edición do festival SonRías Baixas. O mítico rapeiro **Kase.O**, considerado un dos mellores MCs do rap en castelán, ofrecerá en Bueu o seu último concerto do verán en Galicia antes da súa retirada dos escenarios, anunciada esta primavera.

Kase.O, quen xa visitou no 2021 o recinto Multiusos da Estacada -nun concerto vibrante no que esgotou, en tan só 48 horas, todas as entradas dispoñibles-, regresa este verán para celebrar unha despedida ao ritmo dun dos proxectos musicais ao vivo máis aclamados do rap hispano dos últimos anos: 'JazzMagnetism', unha proposta na que o MC explora a fusión entre xéneros fondamente marcados pola capacidade de improvisación e a calidade artística: o jazz e o hip hop.

Alén desta despedida, o SonRías propón para esta segunda xornada un cartel marcado polo seu habitual espírito festivo, cheo de potencia e enerxía. O festival acollerá a actuación de **Rayden** no marco da xira do seu 20º aniversario sobre os escenarios. O rapeiro e artista multidisciplinar presentará en Bueu o seu último álbum, 'Homónimo', que inclúe éxitos como 'El mejor de tus errores' ou 'La mujer cactus y el hombre globo'.

Catro bandas darán a coñecer este venres no SonRías os seus traballos discográficos máis recentes. No caso de **Ciudad Jara**, o novo proxecto musical de Pablo Sánchez (La Raíz), volve a Bueu neste 2022 para presentar 'Cinema' nun potente espectáculo. Enérxico é tamén o cualificativo que define o directo de **Bala**, o dúo conformado por Anxela Baltar e Violeta Fernández. Logo dun pequeno parón, o grupo -unha das bandas de referencia do stoner e metal alternativo na actualidade- xira por escenarios de todo o país para dar a coñecer o seu terceiro traballo, 'Maleza', publicado o ano pasado. A noite tamén contará co rapeiro **García Mc**, quen convidará ao público do festival a percorrer unha estimulante travesía sonora polas dez illas do seu 'Arquipélago Quilombo', un show ecléctico e fiado con maestría no que se citan estilos como o reggae, o latin ou o hip hop. Coma el, o músico e produtor Arnau Moreno, **Emlan**, dará a coñecer o seu disco 'Nuestro plan', cun novo e sorprendente espectáculo de rock e pop, na que será a súa primeira actuación en territorio galego.

O cartel deste venres completárase coa actuación de **Buhos**, o grupo festivo de referencia en Cataluña na actualidade. Cun espectáculo ateigado de rock e mestizaxe musical, a banda ofrecerá no SonRías a súa única actuación deste verán en Galicia, na que avanzará os temas que darán vida ao seu novo e esperado próximo disco.

SONRÍAS BAIXAS 2022

O festival SonRías Baixas 2022 é un festival promovido pola promotora PlayPlan Cultural. Conta coa colaboración institucional do Concello de Bueu, Deputación de Pontevedra, Turismo Rías Baixas, RíasBaixas Fest e Xunta de Galicia a través do Xacobeo 21-22 e do programa FEST Galicia; ademais do patrocinio de El Águila.

O evento, que celebra este ano a súa **19ª edición**, recupera o seu formato de gran festival, o que afonda na súa intención de por en valor as Rías Baixas e, especificamente, a península do Morrazo e o Concello de Bueu, como destino turístico, musical e cultural. Á vez, permite achegar o talento de artistas galegas emerxentes e favorece a o fortalecemento da 'economía km 0' a través da colaboración con provedores de proximidade.

Neste 2022, SonRías Baixas programa os días 4, 5 e 6 de agosto máis de 20 concertos, entre os que destacan o último concerto do verán en Galicia de Kase.O antes da súa retirada, a estrea nun festival de 'Diluvio', o novo disco de Tanxugueiras, ou as actuacións de bandas como La M.O.D.A., Rayden, Ciudad Jara, Delaporte, Rels B, Arnau Griso ou Bala, entre outras moitas.

SonRías Baixas

4 · 5 · 6 AGOSTO 2022 · BUEU · GALIZA

AXENDA SONRÍAS BAIIXAS – 4 DE AGOSTO

19.00 horas - Apertura de portas
20.00 horas, Escenario Xacobeo 21-22 | Bala
21.00 horas, Escenario Turismo Rías Baixas | García Mc & Nación Quilombo
22.00 horas, Escenario Xacobeo 21-22 | Kase.O JazzMagnetism
23.30 horas, Escenario Turismo Rías Baixas | Ciudad Jara
00.40 horas, Escenario Xacobeo 21-22 | Rayden
02.00 horas, Escenario Turismo Rías Baixas | Emlan
02.50 horas, Escenario Xacobeo 21-22 | Buhos

Prensa SonRías Baixas 2022

Lucía Pita | 675 404 321

Andrea Villa | 667 683 551

prensa@sonriasbaixas.info

[Sala de prensa SonRías Baixas 2022](#)

